CONCELLO
DE NARÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DO INFORME TÉCNICO E A APERTURA DO SOBRE "C" QUE CONTÉN A OFERTA ECONÓMICA PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE DOCENCIA NA ESCOLA DE MÚSICA MODERNA E ATENCIÓN DA AULA DE ENSAIO DA CASA DA MOCIDADE E CONSELLO MUSICAL.

Presidente: D. José Manuel Blanco Suárez, alcalde-presidente

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, secretario xeral

D. Manuel G. Antón Villamil, interventor accidental

Secretario:

D. Ignacio Mazaira Garro (xefe da Sección de Contratación)

Na Sala de Reunións da Casa do Concello, coa asistencia das persoas anteditas, en cumprimento do previsto no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, así como no prego de cláusulas administrativas particulares que regula a contratación do devandito servizo, co gallo de tratar os dous puntos da orde do día:

- Dar conta do informe técnico
- Apertura do sobre C: Oferta económica

Sendo as doce horas e dezaseis minutos do día 9 de outubro de dous mil catorce, reúnese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan, para a dar conta do informe técnico e para apertura dos sobres "C" relativos á Oferta Económica da única empresa que se presentou á licitación.

A pesar de ser o primeiro punto da orde do día, non se materializa a exposición do informe técnico, xa que non acode ningún representante da empresa licitadora.

A continuación, procédese á apertura do sobre C relativo á Oferta Económica deste procedemento, resultando a seguinte proposta:

LOTE 1: XESTIÓN DA ESCOLA DE MÚSICA: 10.733,91 euros, máis 2.254,12 euros correspondentes ao 21% de IVE

LOTE 2: XESTIÓN DAS AULAS DE ENSAIO: 6.689,27 euros, máis 1.404,75 euros correspondentes ao 21% de IVE

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión pola presidencia, ás doce horas e vinte e cinco minutos da data indicada no encabezamento, e esténdese a presente acta que, tras a súa lectura, asinan o presidente e o secretario da Mesa, do que, como secretario, dou fe.